



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xullo 2019

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xullo 2019

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 4,9% en Galicia en xullo de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 4,7%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 2,8% e no Resto de produtos un 6,9%.
- En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 4,5% no mes de xullo de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España un 4,6%.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,2% en Galicia e o 1,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en quince comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xullo 2019				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	118,0	4,9	0,9
	Xeral sen estacións de servizo	118,1	5,2	0,8
	Alimentación	107,6	2,8	-0,5
	Resto	126,4	6,9	1,7

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	4,9	0,9
Xeral sen estacións de servizo	5,2	0,8
Alimentación	2,8	-0,2
Resto	6,9	1,0

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 4,9% en Galicia en xullo de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 4,7%.


O índice xeral sen estacións de servizo crece un 5,2% respecto a xullo de 2018. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 2,8% en Galicia e un 3,5% en España.
- O Resto de produtos rexistra un crecemento do 6,9% en Galicia e do 6,0% no conxunto do Estado.

Nos sete primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 0,9%, e en España o 2,0%. As vendas en Alimentación diminúen un 0,5% en Galicia mentres que aumentan un 1,5% en España; as vendas do Resto de produtos crecen un 1,7% en Galicia e un 2,4% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas en xullo. Os maiores incrementos danse en Madrid (6,5%) e Andalucía e Castilla - La Mancha (ambas 5,8%). En senso contrario, as comunidades con menor crecemento das vendas son Asturias (2,4%) e Extremadura (2,5%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xullo 2019

Taxas de variación en %



No que vai de ano, as comunidades autónomas con maiores incrementos son Madrid (3,9%) e Andalucía (3,3%). En tres comunidades diminúen as vendas: Extremadura (-0,4%), Asturias (-0,2%) e Cantabria (-0,1%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de xullo de 2019, un incremento do 4,5% en Galicia e do 4,6% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 4,8% en Galicia e un 4,6% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación crecen un 3,2% e no Resto de produtos un 5,9%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación crecen un 4,4% e no Resto de produtos un 4,8%.

Índices de comercio polo miúdo. Xullo 2019

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	119,7	4,5	1,3
Xeral sen estacións de servizo	118,8	4,8	1,1
Alimentación	113,2	3,2	0,3
Resto	122,5	5,9	1,7

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	1,3	4,8
Xeral sen estacións de servizo	0,0	1,1

Nos primeiros sete meses do ano, o índice xeral crece un 1,3% en Galicia, taxa inferior á do conxunto de España (2,7%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,2% no mes de xullo en Galicia. No conxunto do Estado o crecemento é do 1,0%.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,7% en Galicia e un 1,0% no conxunto do Estado.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en xullo en todas as comunidades autónomas agás Asturias (0,0%) e Extremadura (-0,4%). O maior incremento rexístrase en Illes Balears (2,0%).

No acumulado do ano, as taxas varían entre o 2,1% de Illes Balears e o -0,1% de Extremadura.

Índice xeral de ocupación. Xullo 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	119,7	4,5	1,3	118,0	4,9	0,9
Xeral sen estacións de servizo	118,8	4,8	1,1	118,1	5,2	0,8
Alimentación	113,2	3,2	0,3	107,6	2,8	-0,5
Resto	122,5	5,9	1,7	126,4	6,9	1,7
España						
Xeral	120,9	4,6	2,7	118,9	4,7	2,0
Xeral sen estacións de servizo	119,8	4,6	2,4	119,1	4,9	2,0
Alimentación	116,6	4,4	2,4	110,9	3,5	1,5
Resto	122,2	4,8	2,4	126,0	6,0	2,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	110,5	2,2	1,2	107,5	2,6	0,7
Xeral sen estacións de servizo	110,0	2,7	1,1	107,7	3,0	0,7
Alimentación	105,1	1,0	0,3	99,9	0,5	-0,6
Resto	113,1	3,8	1,7	113,1	4,1	1,5
España						
Xeral	111,4	2,9	2,7	108,3	3,2	2,0
Xeral sen estacións de servizo	110,6	3,0	2,4	108,3	3,3	2,0
Alimentación	110,0	2,1	2,2	104,7	1,3	1,3
Resto	110,5	3,0	2,4	110,9	4,0	2,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	120,9	4,6	2,7	118,9	4,7	2,0
Andalucía	120,4	5,4	3,7	119,1	5,8	3,3
Aragón	117,0	3,5	1,4	115,4	3,8	0,9
Asturias	114,0	2,2	0,5	112,6	2,4	-0,2
Balears, Illes	148,4	3,7	2,8	146,3	4,4	2,5
Canarias	115,5	2,7	1,9	114,3	3,1	1,4
Cantabria	120,7	3,4	0,8	118,1	3,4	-0,1
Castilla y León	115,7	3,8	2,0	113,3	3,6	0,9
Castilla-La Mancha	118,4	5,5	3,1	116,2	5,8	2,4
Cataluña	119,9	4,1	2,2	116,4	4,0	1,3
Comunitat Valenciana	126,9	4,1	1,7	126,3	4,7	1,4
Extremadura	106,8	2,0	0,0	106,2	2,5	-0,4
GALICIA	119,7	4,5	1,3	118,0	4,9	0,9
Madrid	124,4	6,8	5,1	122,1	6,5	3,9
Murcia, Región de	121,4	4,6	3,0	120,7	5,1	2,8
Navarra	116,1	5,9	3,1	113,4	5,2	1,6
País Vasco	113,2	4,5	2,1	111,2	4,5	1,3
Rioja, La	119,4	5,0	1,8	117,1	4,4	0,5
Ceuta	106,7	1,0	-1,2	106,4	1,9	-1,6
Melilla	111,6	0,8	0,0	111,3	1,8	0,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,0	1,2	0,7
Xeral sen estacións de servizo	105,6	1,1	0,7
España			
Xeral	106,6	1,0	1,0
Xeral sen estacións de servizo	106,5	1,0	1,0

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,6	1,0	1,0
Andalucía	103,8	0,8	0,8
Aragón	104,6	0,6	0,9
Asturias	108,3	0,0	0,4
Balears, Illes	119,9	2,0	2,1
Canarias	108,9	1,3	1,2
Cantabria	105,4	1,2	0,6
Castilla y León	106,0	1,3	1,5
Castilla-La Mancha	103,2	1,2	0,8
Cataluña	106,5	1,4	1,3
Comunitat Valenciana	111,8	1,1	1,3
Extremadura	103,0	-0,4	-0,1
GALICIA	106,0	1,2	0,7
Madrid	106,0	1,0	1,0
Murcia	107,7	1,3	1,1
Navarra	104,6	1,1	1,7
País Vasco	104,1	0,5	0,8
Rioja, La	107,0	1,2	0,7
Ceuta	103,3	-0,7	-0,4
Melilla	102,6	-0,6	0,3

Fonte: INE